



Contrato de servizos Procedemento aberto Tramitación ordinaria		
Documento CON13I1SN	Expediente CON/1/2019	Data Creación: 22-10-19 10:26

ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo de conservación, reparación, pequena reforma ou ampliación de diversos edificios e instalacións dependentes do Concello de Santiago 2019..

TIPO DE LICITACIÓN: 521.322,33 euros/ano máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 21 de novembro de 2019, ás 9:25 horas.

ASISTENTES:

Presidente: José Javier Fernández Martínez.

Vogais: Miguel Fernández Solís, enxeñeiro de camiños municipal
Berta Rosón López, en representación da Intervención Xeral.
Iñaki Bilbao Castro, letrado da Asesoría Xurídica.

Secretario: Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Procédese ao exame do informe valorativo realizado polos técnicos municipais sobre a documentación relativa aos criterios de adxudicación dependentes dun xuízo de valor, no que se da conta das puntuacións acadadas por cada licitador e do que realiza unha breve exposición o técnico redactor, Diego Briega Argomániz, arquitecto municipal. Este informe acompáñase á presente acta e conta co voto favorable de todos os membros da mesa en canto ao seu contido e conclusións.

A continuación, en presenza dun representante da empresa ESPINA Y DELFIN, e tras dar lectura pública ás puntuacións antes mencionadas, lévase a cabo a apertura dos arquivos electrónicos que conteñen a documentación xustificativa dos criterios de adxudicación avaliados mediante fórmulas, que ten como resultado o seguinte:

Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	BAIXA
1	CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO S.L.	39,00%
2	2000 JOSCON CONSTRUCCIONES S.L.	22,55%
3	CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA S.L.	23,15%
4	UTE CONSERVACION SANTIAGO DE COMPOSTELA	23,99%
5	ESPINA Y DELFIN S.L.	22,80%
6	ORECO S.A.U.	29,50%

En consecuencia, rematada a apertura de todos os sobres cos criterios obxectivos, a mesa acorda o traslado desta documentación aos técnicos municipais aos efectos de realizar os cálculos das puntuacións correspondentes a cada licitador sobre os devanditos criterios. De atoparse algunha das ofertas en situación de baixa anormal ou desproporcionada daráselle ós licitadores afectados o preceptivo trámite de audiencia, emitíndose o subseguinte informe de valoración da documentación xustificativa aportada para a súa presentación a esta mesa de ser o caso.

Ás 9:41 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA**

O SECRETARIO DA MESA